

DA VOZ ÁS LETRAS

DECLARACIÓN

No momento de entrar nas escolas infantís, as diferenzas lingüísticas entre nenos ou nenas da mesma idade poden ser abafadoras. É unha realidade inxusta que marca a traxectoria escolar individual e crea desde o principio condicións propicias para o fracaso.

O abandono ou o fracaso escolar adoita ser a culminación dun itinerario que se inicia nos primeiros anos de vida. Ten múltiples causas, pero unha das máis relevantes é a carencia das destrezas lingüísticas necesarias para progresar na escola, e especificamente para aprender a ler e escribir. Unha aprendizaxe sinxela e gratificante para uns resulta para outros un enorme desafío, a miúdo insalvable. E ese desequilibrio vaise acentuando co paso dos anos.

Lamentablemente, miles de nenos e nenas asumen cedo que a escola na que entraron ilusionados non lles pertence nin os ten en conta. E, en grande medida, esa negativa percepción ten que ver co seu deficiente dominio da lingua materna. Esa desvantaxe pode facer que unha institución ideada para a integración e o progreso dos seres humanos se converta sen pretendelo nun espazo de frustración e segregación.

Esa inxusta situación non é irreversible. Pode ser evitada ou minorada. O cerebro humano, sobre todo na infancia, posúe unha extraordinaria plasticidade, polo que é posible estimulalo e mellorar as súas capacidades. A sociedade no seu conxunto debe promover medidas que eviten as consecuencias negativas das desigualdades lingüísticas e culturais, porque cando un neno ou unha nena fracasan na escola, a sociedade no seu conxunto fracasa.

Ler á infancia

Numerosas evidencias científicas demostran que os estímulos cognitivos e afectivos temperáns, sobre todo os relacionados coa linguaxe, teñen unha influencia determinante no posterior desempeño escolar. Entre as moitas actividades que axudan nese sentido, unha das máis importantes é a lectura en voz alta de contos, poemas, rimas, ditos... Os seus beneficios son claros:

- Crea momentos de intimidade entre quen le e quen escoita, reforza os vínculos afectivos e axuda a explorar, expresar e compartir emocións, que é unha actividade fundamental na vida humana, máis aínda cando se están construíndo os modos de sentir e de relacionarse co mundo.
- Promove a conversa, a escoita atenta e o intercambio de pensamentos, recordos, fantasías, experiencias, temores, desexos, sentimentos, dúbidas... É dicir, fai posible o encontro sereno entre o mundo dos adultos e o mundo da infancia.
- Estimula a actividade das áreas cerebrais relacionadas coa comprensión narrativa e a creación de imaxes mentais, o que repercute directamente na aprendizaxe da lingua oral, a lectura e a escritura.
- Inflúe no desenvolvemento cognitivo da infancia ao dar a oportunidade de escoitar, pensar, sentir, preguntar, responder, asociar..., é dicir, de pór en xogo as moitas capacidades da mente.
- Ten un significativo impacto no desenvolvemento da linguaxe grazas a que introduce á infancia no territorio da lingua materna dun modo pausado e afectuoso: as palabras descoñecidas aparecen cargadas de

sentido e de emoción, a estrutura e as convencións da lingua escrita fanse familiares grazas aos relatos lidos unha e outra vez, as correspondencias entre os sons da lingua materna e as grafías que os representan vanse desvelando aos poucos.

- Favorece unha mellor comprensión dos relatos grazas á mediación de lectores experimentados que actúan como modelos e guías.

- Facilita a relación coa linguaxe dos libros, máis significativa e complexa que a linguaxe falada, e instaura unha relación cordial cos libros e a lectura, desde o momento en que eses primeiros contactos se presentan rodeados de afecto e benestar.

- Fai que nenos e nenas actúen como lectores aínda que non teñan aprendido a ler e á vez fai posible que a linguaxe literaria entre a formar parte das súas vidas estimulando o seu imaxinario, o seu interese polas historias e o seu pensamento narrativo.

- A lectura en voz alta contribúe, en definitiva, a crear unha contorna favorable para o desenvolvemento cognitivo, emocional e social da infancia, o que axuda a previr ou atenuar os riscos de fracaso escolar.

Un labor colectivo

Ler en voz alta debería ser unha actividade habitual nos fogares. Dada a súa repercusión na formación dos afectos e no rendemento académico, sería bo que nais e pais se involucrasen nesa actividade con paixón e convicción.

E así mesmo, as persoas implicadas no coidado e a educación da infancia, desde o ámbito da docencia ao da pediatría, a enfermaría, as bibliotecas ou o voluntariado, deberían adquirir o compromiso de alentar a lectura en voz alta nas súas respectivas contornas, pensando sobre todo en quen non poida gozar no seu fogar desa oportunidade.

Os promotores desta declaración pública somos conscientes de que ler en voz alta a nenos e nenas é unha actividade que por si soa non soluciona as desvantaxes sociais e as carencias culturais, pero favorece que a aprendizaxe da lectura e a escritura sexa un logro máis fácil para todos os nenos e nenas, sen distinción, á vez que propicia unha maior relación emocional entre as persoas adultas e a infancia.

Confederación Española de Asociaciones de Padres y Madres del Alumnado (CEAPA)

Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria (AEPap)

Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil

Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Associació de Mestres Rosa Sensat

Acción Educativa

Federación Española de Sociedades de Archivística, Biblioteconomía, Documentación y Museística (FESABID)

Asociación Española de Lectura y Escritura

Escuela Andaluza de Salud Pública

Asociación Entrelibros